

O celtismo na poesía galega

Xosé Luís Axeitos

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

AXEITOS, XOSÉ LUÍS (2011 [1993]). “O celtismo na poesía galega”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 95-106. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1340>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

AXEITOS, XOSÉ LUÍS (1993). “O celtismo na poesía galega”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 95-106.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O celtismo na poesía galega

Xosé Luís Axeitos

As páxinas que seguen non pretenden ser máis que un achegamento a un tema complexo que se presta a múltiples lecturas. Recordando a Momigliano poderíamos dicir que se trata dun “prologo senza conclusiones” (Momigliano 1980: 305). A cita do estudioso italiano non é un simple xogo erudito senón que está xustificada pola súa crenza, compartida, de que non é fácil concluír cando se abordan cuestións artísticas. Se a esto engadimos que na cultura galega, na miña opinión, abundan as lecturas viciadas e as sacralizacións prematuras, acada total explicación a especial significación que atopei no devandito estudio.

Falar de “mito” e de “mitoloxía”, inevitable para abordar o tema do “celtismo”, significa en efecto entrar nun tema aberto, polisémico e complexo. Para evitar disquisicións innecesarias para o noso obxectivo, botaremos man das interpretacións dos antropólogos funcionalistas (Eliade 1974, 1984; Malinowski 1974), que destacaron o valor *paradigmático* dos mitos. Pertencen a un pasado esencial e memorable que fundamenta e explica un presente decaído e nostálgico.

Todo mito supón, en definitiva, unha xustificación e un desexo. Xustificación para un mal, o presente, e desexo de que cese dito mal. O celtismo significa, na nosa cultura, a procura dunha idade lonxana, forte; nostalxia dunha idade dourada, do perfecto, do eterno.

Galicia necesitou ese mito para explicarse a si mesma, para diferenciarse doutras culturas e dotarse de personalidade. Estudiar o celtismo é adentrarse na personalidade dunha cultura que aínda segue loitando hoxe por reafirmarse. E cobra interese por si mesmo, como forma creativa á marxe de polémicas historicistas, como veremos máis adiante.

Non obstante non debemos esquecer que os principais introductores e utilizadores da mitoloxía foron os historiadores: os capítulos introductorios das historias xerais da Idade Media e do Renacemento tratan invariablemente de acontecementos sacados da historia bíblica e da mitoloxía clásica. E non era España o único país sumerxido no mito na procura dos seus antepasados. Non era unha utilización acumulativa, inxel, senón que se intentaba utilizar en proveito propio. Castilla, en dous momentos da súa historia espiritual, sentiu a necesidade de refundir a mitoloxía clásica en proveito propio (Tate 1970: 32): no primeiro, *el Toledano* elaborou a lenda de Hércules para simbolizar a respectable conexión entre Hispania e o clasicismo porque Castilla estaba interesada na política europea, universalista.

Un segundo momento represéntao *Annius de Viterbo*, que coincidindo coa política expansionista dos RR.CC., quere dar prioridade ós españois sobre gregos e romanos. É curioso resaltar neste senso a contribución da toponimia á creación da conciencia nacional; os historiadores antigos estudiaban os nomes de lugar, obsesionados con descubrir a identidade dos respectivos fundadores. Case todos recorrían á Mitoloxía polo engañoso método da homofonía; por iso Quevedo dicía: “dicen que averiguan lo que inventan”. Ata hai pouco máis de cincuenta anos aínda as historias de España nos falaban de Túbal e da cidade de Tafalla por el fundada ou das “fonsaderas” relacionadas con Alfonso, etc. Tal utilización da toponimia é moi antiga: Isidoro de Sevilla, Alfonso X o Sabio, etc. O momento culminante da historia mitolóxica en España está representado por Ocampo, alumno de Nebrixa. Consciente da auréola que confire a historia mítica, creou un pasado para acomodalo ó ego inchado do presente. A reacción total contra esta utilización non se produce ata o século XVIII, a pesar dos Túbal, Osiris e Gerión do P. Mariana. Pero a reacción foi tan violenta que Masdeu chega a considerar fabulosa a figura do Cid.

Desde logo non pode seriamente ser considerado o Padre Sarmiento como o primeiro en iniciar as teorías célticas que se desenvolverán durante o século XIX. As súas teorías ó respecto están expostas na súa obra “Sobre el origen de la Lengua Gallega y sobre la Paleografía española”:

Sabido es que los celtas entraron por Cataluña y Aragón, que pasaron por Andalucía hasta Portugal, y que desde allí, caminando siempre al norte, entraron por Galicia y llegaron hasta las Mariñas de Betanzos, y que allí fijaron su asiento y en las vecindades de Finisterre. Y como esta peregrinación se hizo por tierra y por la costa marítima, es innegable que los celtas pasaron por este país de Pontevedra, y como estaba muy poblado, ya de naturales, ya de griegos, no hallando cabida, pasaron al país dicho, que hoy llaman Bergantiños, y allí como menos poblado hicieron su asiento... De esto ha quedado memoria en los nombres de los pueblos de dicho país. En él se halla el arciprestazgo de Céltegos y otros nombres idénticos con los de los pueblos de los antiguos celtas en Francia. Aún el nombre de Bergantiños está mostrando los brigantinos que le ocuparon. (Pensado 1974)

Este texto fora editado por Murguía no ano 1880; dato revelador que pode explicar a recorrencia de Pondal á toponimia como motivo caracterizador do celtismo e do pasado.

Non pode desta teoría inferirse un gran debate sobre o celtismo. Sarmiento compartía con outros moitos clérigos ilustrados da época a idea dunha lingua única de orixe bíblica.

Para as súas investigacións utilizaba o dicionario do monxe capuchino Rostrenen, *Dictionnaire François-Celtique* ou *François-Breton*, Rennes, 1732, “Créese que la lengua vulgar de la Bretaña de Francia (o *bas-breton*) es derivada de la céltica antigua. Para mi intento sería más útil que ese dicionario francés-céltico, fuese dicionario céltico-francés” (Pensado 1970).

Tamén volve mencionar o mesmo dicionario no informe sobre as moedas de Lastañoa ó P. Terreros:

En el dicionario franco-céltico, o Francés-Bretón, pág. 30, está el alfabeto céltico del Padre Rostrenen, capuchino. Pocos años hace que salió a luz el dicionario céltico en tres tomos, en folio. No sé si en él hay alfabetos: sé sí que con los alfabetos célticos se deben tener presentes los alfabetos rúnicos”. (Riva 1802: 43)

Afortunadamente, nada ten que ver a actitude do noso bieito ilustrado coa dos coñecidos hermetistas franceses contemporáneos, tales como Hersart de Villemarqué que pensaba que Adán no paradiso falaba britónico. Ou Fabre d’Olivet que basándose en documentos que nunca mostrou a ninguén, defendía a orixe céltica do deus hindú Rama que en liña directa acababa sendo da mesma familia de Xesucristo. Edouard Schuré, na mesma liña, remata nun alegato racista coincidente xa no tempo co “affaire Dreyfus”.

A cuestión é que durante o século XIX en Galicia, xorde un debate encol do celtismo que confrontaba dúas concepcións distintas da historia. Por un lado, Vereza y Aguiar, Martínez Padín, Vicetto, Murguía, Saralegui, Pazos e Pereira, defensores a ultranza da culturalización céltica e por outra banda, sobre todos, Celso García de la Riega, máximo detractor:

... y sobre la teoría celto-sueva, que en mi concepto, no sólo ha perturbado nuestra historia escrita, sino también creado obstáculos para el esclarecimiento de los tiempos antiguos de Galicia. (Riega, 1904)

Pero non é aquí onde quero poñer o acento, senón no campo da literatura e, máis concretamente, no da poesía.

En primeiro lugar hai que destacar o papel fundamental que a poesía xogou no Rexurdimento ó estar o seu cultivo vencellado estreitamente ós historiadores e ideólogos do nacionalismo. Así, Villar Ponte, representando a “Liga de Amigos del Idioma”, di nun folleto titulado “Nuestra afirmación regional”: “Para nosotros lo principal es preparar el advenimiento del gran poeta representativo de la patria nativa” (moi posiblemente recaeu este desexo mesiánico en Cabanillas). De xeito que os nosos historiadores botaron man do celtismo como criterio diferenciador, na procura de raíces autónomas (“E máis no noso país que anduvo atoutiñado e sonámbulo vivindo unha historia emprestada querendo supor que era a súa que é un modo de perder o tempo” di Blanco Amor). Porque a mitoloxía mediterránea era compartida, imperialista (en palabras de Risco) e demasiado asentada, escasamente polisémica nunha palabra.

Expresa Blanco Amor moi ben estes primeiros sentimentos:

Xa E. Pondal tiña intuído a posibilidade (i, en certo xeito, a necesidade) de que Galiza retrocedera no tempo en percura de raigañas e símbolos que a prolongaran máis aló dos supostos da cultura chamada hispánica, que non resultaba doada pra explicarnos certos modos pro-

fundos da nosa psicoloxía... Nos tempos da “cova céltica” coruñesa... aínda había profesores, con barba e levita tamén na ialma, que valeiraban o condecorado bandullo de risadas ó falar do noso celtismo. ¡O celtismo galego, ja, ja, ja...!

Anos despois, xa no tempo do poeta de Cambados, uns estudantes, axuntados polo azar dos cursos composteláns (guiados por un ourensán, empregado da Facenda, que lía libros de prehistoria namentras os seus conxéneros xogaban ó bacarat ou bailaban chotis na casa da Charito), agatuñaban polos montes i escarbaban nas chairas e planaltos, sin valimento económico de ninguén, arrincándolles coas uñas os seus segredos máis agachados. Aqueles rapaces, ledos e deportivos, facían recuar o hourizonte do noso pretérito en centos de séculos, engadíndolle á Galiza a fe de bautismo documental que lle fallaba...

Pondal levaba estas certezaas no corazón, que é donde nascen as certezaas do xenio... Cabanillas tivo xa diante dos ollos o miragre dos achádegos da mozarria estudantil. (Blanco Amor 1961)

E por isto Bouza Brey nun poema que lle adica “*Aos mozos arqueólogos de Galiza en Compostela*” di así:

*As antas máis os castros nos dixeron
en tan constreito tempo moitas íntimas cousas
e por eles sabemos cen segredos
pra colleitar os trunfos nesta loita
por foros agachados nas galegas
culturas prehistóricas.*

*Diante de nós albea
aquela fror remota
das orixes, da Oestrimnia e máis da Celtia,
da Galiza de outrora.*

*Temos de precurala na sua esenza,
no seu gromo máis virxe, nas suas grorias
penduradas do torques máis sinxelo
ou da espada máis rota.
¡Tódalas cumes nos agardan ledas!
¡Todas as gandras nos esperan fondas!*

O esforzo maior para dotar a Galicia dunha personalidade como pobo, vai ocorrer nos anos vinte e por unha serie de factores moi diversos. Poderíamos dicir que se abandona o espírito “anticuario” do século XVIII e incluso a celtomanía romántica que consideraba todo o céltico “fermoso, grande, sublime, universal”. En efecto, as publicacións desta época máis relevantes, *Nós*, *A Nosa Terra*, as páxinas literarias e culturais da prensa (*Galicia*, ata o conservador *El Noroeste*) mostran un gran interese polo tema, como podemos comprobar folleando, sen orde, nas devanditas publicacións:

- Traducción, por Otero Pedrayo, do *Leabhar Gabhala*. (*Nós*).
- Mensaxe que os nazionalistas galegos dirixiron aos irlandeses. (*A Nosa Terra*, 1920)
- A cuestión de Irlanda
- A Materia de Bretaña.
- Galizia céltica de Risco, adicado a Murguía. (1920)

—O movemento pan-celtista (*Nós*, 1923)

—Xuntanzas do celtismo arredor dos monumentos megalíticos.

—Armórica e Galicia, por Castela, traducido da revista *La Revue Celtique*.

—“Notas encol do sentimento da paisaxe na antiga poesía irlandesa” (Otero Pedrayo).

—Colaboracións de Phileas Lebesque, traductor en 1931 das *Triadas* co título “Bajo el roble de los druidas”.

—Recíbense as revistas: *An Oaled* (Cornualles, Bretagne), *Le Consortium breton*, *Revue Celtique*, *Eirín*, *Zeitschrift für Celtische Philologie*.

Todo parece estar motivado por unha imperiosa necesidade expresada nestas palabras de Otero Pedrayo: “E na Galiza é urxente o coñecimento das literaturas como a irlandesa... que na cultura xeral equilibren polo menos o imperio do clasicismo grego e romano e do clasicismo castelán” (Otero Pedrayo 1930).

Como consecuencia deste clima “céltico”, vanse superando as brumas, as brétemas do bardo Ponal, o misterio dos castros e dos dolmen, para pasar a un proceso de galeguización da Materia de Bretaña ó fundirse a tradición do Camiño de Santiago coas lendas artúricas. Non é alleo a esta fusión o historiador e arquivista Angel del Castillo que, ademais da súa obra histórica, é autor dun artigo sobre as armas do escudo de Galicia (Castillo 1922: 167). E unha vez máis xorde inmediatamente o paralelismo poético: Cabanillas na súa obra *Na noite estrelecida*, título suxeridor, di:

.....
rubé o nobre cabaleiro,
no seu soño a cabalgar,
a montaña milagreira
do Cebreiro-Monsalvat. (Cabanillas 1990 [1925]: 85)

Ou Bouza Brey nun extenso poema, “Canto a Galicia” (Bouza Brey 1981: 161-164), que volve a xunquir Cebreiro, estrela de Compostela, con bardos, cregos e guerreiros.

A guerra civil tamén supuxo para o tema do celtismo un trauma. O exilio enterrou non poucos mitos... Moí probablemente será Cunqueiro quen sirva de ponte, poeticamente, entre a cultura céltica de preguerra e as novas xeracións; sen esquecer o pintor Lugo, que espalla por tertulias e tabernas a súa particular visión do tema que o leva a firmar moitas das súas obras cun expresivo “pintor de la mar ossiánica”.

Non debe ser enteiramente allea a este labor transmisor de Álvaro Cunqueiro a homenaxe que lle tributa Ferrín cando o converte en personaxe mitolóxico na Taberna de Galiana, cruce de todos os camiños (Méndez Ferrín 1985: 74).

E se Ferrín se mostra “artúrico estremecido como as camelias” (Carmen Blanco, Rodríguez Fer 1989 [1976]: 33), Manuel María bérralle ós heroes célticos: “¡Vivos estades na fonte do meu sangue!”, nun poema pouco coñecido publicado por primeira vez na Arxentina (Manuel María 1968: 11-113). Non podemos menos que significar, como importante para o tema, a publicación, hoxe reeditada, do *Cancioneiro da poesía céltica* de Julius Pokorny, traducido por Piñeiro e Celestino F. de la Vega (Pokorny 1991 [1952]).

Se para Manuel María o celtismo é un canto á fraternidade universal, Ferrín, ó mergullarse no pasado lexendario, crea un mundo analóxico co momento presente. E a mesma toponimia que emprega coincide co seu mundo máxico da infancia. Antes, Cunqueiro envolve os feitos históricos e actuais nun clima atemporal e mítico, como

cando Cabanillas evoca a San Patricio (Cabanillas 1922: 9-12) ou identifica o Cebreiro co Montsalvat. Non hai un único celtismo porque os mitos serven para explicar os problemas dun presente decaído e trivial pero cambiante en cada época e momento.

Así acadan plena xustificación as palabras de Méndez Ferrín que ve con clarividencia o problema:

O celtismo foi prerromántico en Macpherson, parnasiano en Leconte de Lisle, formalista —ossiánico no tema e paralelo ó parnasianismo na forma— en Pondal e acabou sendo prerrafaelista en Cabanillas. A vitalidade do celtismo literario continuará na Xeración Nós e, certas ramaladas, acadarán aínda a hora presente. (Méndez Ferrín 1984: 34)

Seguindo o fío da cita de Ferrín sería interesante continuar, finalmente, coas “ramaladas” actuais. E non me parecería pouco se consigo delimitar e clarexar o tipo de celtismo que estas ramaladas conlevan.

Neste senso é posible que o primeiro celtismo sexa o de Chrétien de Troyes. Recibiu de Bretaña símbolos celtas; recibiu do xenio celta a visión dunha natureza en que fraternizaban homes e animais, na que os encantamentos (Merlín) realizaban o divino en conmovedoras imaxes. A versión evemerista e cristianizadora de Chrétien é, en definitiva o primeiro celtismo. O ciclo artúrico debe, sen dúbida, ó celtismo o ter experimentado unha metamorfose mística.

As posibles fontes cristianizadas polo autor francés son a base das discusións aínda actuais: a versión irlandesa *O desterro dos fillos de Usnech*, a francesa de *Os contos do Graal* e a galesa do *Peredur* (Riquer 1968: 79-83).

Cataluña precedeu ó resto da Península no coñecemento da literatura artúrica polos seus estreitos vínculos con Francia e Provenza. A expansión desde as clases altas á clase media desta materia foi lenta debido á popularidade do conto de orixe oriental e á épica tradicional.

Parece claro, pois, que o celtismo poético, literario, non podemos estudialo máis que na literatura, nas obras dos escritores, tal como apunta Ferrín. É inútil a pescuda nas fontes históricas. A mesma falta de documentos estimulou a imaxinación dos poetas, a misión dos cales é inventar o que non existe e fai falla.

Coido que neste caso, ademais, o tema do celtismo pode servir de ilustración á concepción da poesía como forma de coñecemento. Esta concepción dialéctica do mito pode debuxarse con palabras aparentemente sinxelas: “Creo nos efectos das crenzas inventadas por quen quere crer nelas” (Rodríguez Fer 1991).

O “corpus” poético do celtismo na poesía de arestora, con toda a vaguidade intencionada do término, non vai moito máis alá das seguintes obras e autores:

Rodríguez Baixeras. *Anos de Viaxe* (Rodríguez Baixeras 1987)

- “O silencio de Perceval” (ibid.: 54)
- “Eduardo Pondal” (ibid.: 66)
- “O fin dun tempo” (ibid.: 71)
- “A gándara da noite” (ibid.: 127-163)

Rodríguez Fer. *Vulva* (Rodríguez Fer 1991b)

- “Máis alá da saudade” (ibid.: 7)
- “Noite de transición” (ibid.: 23)

- “A volta de Ossián” (ibid.: 61)
- “As fillas de Morgana” (ibid.: 63)
- “E os aneis en sortela...” (ibid.: 80)
- “A néboa” (ibid.: 90)
- “A nube” (ibid.: 94)
- “Bosque milenariö” (ibid.: 146)
- “O enigma arborescente” (ibid.: 148)
- “Carballeira de Cartelos” (ibid.: 149)
- “A cabeleira” (ibid.: 162)

Ramiro Fonte. *Pasa un segredo* (Fonte 1988)

- “Marítima triste” (ibid.: 52)

Fermín Bouza. *Labirinto de inverno* (Bouza Álvarez 1990)

Neste libro Fermín xa no título (“labirinto”) deixa sentado o seu carácter mitolóxico. Dez poemas aparecen cunha figura que recolle símbolos atopados nas pedras dos castros: espirais, cabaliños, cobras, petroglifos, etc. Parece evidente a relación tanto coa literatura emblemática coma cos signos arqueolóxicos da Idade de Bronce. Pero tamén cos signos que constitúen “O poema dos runas”. Para os xermanos as “runas” non foron tanto letras coma signos dotados de particulares poderes relacionados coa maxia (Lerate 1974).

Nordés.

Nº 7, abril, 1982

Eduardo Moreiras, “Viaxe á verde Eirín”, publica unha serie de poemas irlandeses de orixe céltica.

Nº 8, xullo, 1982

“Poesía bretona de hoxe”, catro poemas de Padrig Moazon.

Nº 9, outono, 1982

“Os motivos do mar na pintura de Urbano Lugrís”, por Salvador Lorenzana.

De Amor e desamor (Antoloxía 1984)

“Merlín” de Lino Braxe (ibid.: 21)

“Saúdo as terras do Oeste” de Miguel Mato (ibid.: 84)

De Amor e desamor II (Antoloxía 1985)

“Brynhilde tenta a Sigfrido” de Lino Braxe (ibid.: 20-21)

“Laio de Malvina” de Mato Fondo (ibid.: 73)

María Xosé Queizán. *Metáfora da metáfora* (Queizán 1991)

“Tristán e Isolda” (ibid.: 45)

“Druida, sacerdote, máxico poeta” (ibid.: 77)

Manuel Vilanova. *A lenda das árbores de prata* (Vilanova 1985)

Poetización da “Demanda do Graal”, con citas textuais nun contexto máxico.

E direi-vos eu do mister das cobras (Vilanova 1980)

“... o mar océano que eu teño por señor: con escuras palpitacións”

“Caldeiro dos cadavres”

“Pasifae”

“Rei Artus”

Outros moitos poemas, envoltos por unha atmosfera mítica, poderían figurar aquí como debedores do tema; pero abundan os presentes para poder adiantar algunhas características.

Máis que un estudio individualizado, que desbordaría as miñas pretensións, vou tentar estudar algúns vestixios non soamente léxicos, senón certos “asentos do argumento”, bases argumentais do discurso que case están hoxe constituídos en “tópico” no senso de Curtius: “medios empregados na elaboración do discurso que responden a un fin práctico” (Curtius 1976).

Un bo número de nomes propios, topónimos uns, antropónimos outros, vencellados á cultura céltica, poboan moitos dos poemas da poesía de hoxe: Alba, Armórica, Artur, Birman, Bran, Breogán, Cymru, Eirín, Isolda, Ith, Ler, Liodham, Merlín, Morgana, Nyrd, Ossían, Thule, Perceval, Pomona, etc., etc. O poder evocador que ten esta nominación está vencellado á utilización ideolóxica que tentou proxectar a mente humana sobre os nomes.

Outro elemento importante na poesía de tema céltico é a paisaxe. O galeguismo histórico dedicoulle un libro colectivo a este tema.

Salvador Lorenzana (F. del Riego) colabora cun artigo que ten por título “Panorámica da nosa paisaxe literaria” e di da paisaxe pondaliana: “... a paisaxe pondaliá non pasa de ser como unha ruda intuición, e unha presenza arcana e prehistórica; o poeta evócaa case decote, asociada a mitos i hérois” (Fernández del Riego 1955: 155).

Pero no mesmo libro, nun artigo de Cuevillas que pretende certo cientifismo, “Paleopaisaxe”, dise como conclusión: “Temos pois que maxinármonos a paisaxe galega dos nosos tempos da cultura celta como enfeitada por un opulento decorado vexetal... Temos que maxinármola, sempre grave, melancónica e misteriosa, baixo as nubes ou as brétemas, constantemente verde, e como amolecida polas continuas choivas, e teremos que matinar tamén no bosque, no ermo e na gándara asentados nos vales e nas enfestas dos grandes ríos e nos poboados cercados de muros e de fosos... nunha vida dada ó perigo e á aventura”.

Convértese así a paisaxe no símbolo *perdurante* do tempo inaugural: *árbores* (piñeiros e carballos), o *bosque* (nocturno, misterioso), as *fragas*, a *néboa*, o *vento* (voz cosmolóxica). Especial contido cobra neste contexto a palabra *gándara* (Corominas 1980) que ten comprobada e persistente presenza no NO ibérico ademais de ser moi empregada poeticamente desde tempos de Pondal ata hoxe.

A paisaxe da *gándara* debe a Otero Pedrayo unha descrición escasamente científica pero si moi poética que sen dúbida ten influído na literatura:

Pra sentir ben a gándara habería que vela baixo a neve, na sazón das chuvias e no inicio da Primadeira, cando ela se viste das froles do ermo. Na gándara espállase o revoado do vento das cumes e do lonxa-no hourizonte do Sul... (Otero Pedrayo 1933: 27)

Mesturado co hábitat (*citánias, dolmen, castros, pallozas, mámoas*), a paisaxe configúrase como indicio fundamental da presenza do mito na nosa poesía. Non faltan neste proceso misterioso de búsqueda as *glorias antigas* e os *duros combates*. O querer expresar todo este mundo mítico xenera un certo *misticismo*, hai que expresar o *inefable*. Por este motivo se desenvolve incluso unha poética do silencio.

Tomo como exemplo un poema que aproveita o mito céltico para, nunha auténtica lección metapoética, proxectar a loita do poeta na pescuda, no inquerimento, a través do silencio e do inefable. Di así:

*A sombra da linguaxe
proxéctase na seiva milenaria.
Escóitase no luar do castro celta
onde quixais me habito.
Eu quixera visitar con ela
restos arqueolóxicos de cimeiras gregas
e atopar acaso un lirio
salvado da catástrofe do tempo
a través dunha palabra intocada polos séculos
no claro dun bosque.
E quixera intuír un monte boreal
lindante só coas súas entrañas
e ser como esa néboa que agarima
a soidade radical o amor a natureza
o silencio inefábel da palabra.*

(Rodríguez Fer 1990: 87)

Outras moitas palabras están vencelladas intimamente co celtismo: balada, bardo, brétema, harpa, tebra, etc.

Por último, o tono profético, sacro, que rodea o mundo céltico, tamén pasou á literatura actual, configurando unha especie de tópico da Idade de Ouro: “Virán... baixarán polas gándaras... con estandartes... porque a civilización alterou o orde natural das cousas...”.

Incluso o celtismo provocou na nosa poesía o nacemento dun subxénero, o *laio*, que conecta coa tradición elexiaca nórdica fronte ó pranto de tradición mediterránea. Aparece este grito desgarrado do “laio”, desprovisto da resignación cristiá, na poesía de Novoneyra. Moi probablemente foi introducido poeticamente polo xa citado *Cancioneiro da poesía céltica* (Pokorny 1991). A palabra existía pero sen as connotacións xenéricas que acabamos de sinalar.

Parecen, neste achegamento ó tema do celtismo, vislumbrarse tres etapas relativamente ben definidas:

1. Pescuda nas lendas célticas para atopar as raíces diferenciadoras (Pondal, fase de investigación).
2. Galeguización e nacionalización das lendas ó relacionar Graal-Santiago (Caballillas, Bouza Brey).
3. Utilización das lendas, etapa creativa na procura da universalización da nosa cultura (Cunqueiro e Ferrín, Novoneyra).

Houbo, na poesía máis nova, un alonxamento desta cultura mítica, sentida como historicista e continuadora e rancia. Rara vez é salvado o distanciamento, caso de Claudio Rodríguez, M.^a Xosé Queizán ou Fermín Bouza Álvarez, Vilanova ou Baixeras, que pode ter a súa raíz na escasa capacidade de comunicación interxeneracional que sempre mostrou a cultura galega.

Quixera advertir, finalmente, o que é obvio: o traballo non é exhaustivo nin nas fontes empregadas nin, moito menos, nos resultados. Un capítulo paralelo, no que estou traballando, do tema desenvolveuse na pintura e, en gran parte, no exilio. Seoane foi un dos pintores e intelectuais que notou a necesidade de explicarnos como pobo a través dos mitos.

Todo isto xustifica sobradamente a cita do ensaísta italiano coa que empezaba a comunicación e que segue así: “concludere non é facile...”.

Referencias bibliográficas

Autores varios

- 1984 *De Amor e Desamor* (A Coruña: O Castro).
1985 *De Amor e Desamor II* (A Coruña: O Castro).

Blanco, Carmen e Rodríguez Fer, Claudio, eds.

- 1989 *Con pólvora e magnolias* (Vigo: Xerais).

Blanco Amor, Eduardo

- 1961 “Notas sobre Pondal e Cabanillas”, *Galicia* 518: 11.

Bouza Alvarez, Fermín

- 1990 *Labirinto de inverno* (Barcelona: Sotelo Blanco).

Bouza Brey, Fermín

- 1981 *Obra literaria completa* (Vigo: Xerais).

Cabanillas, Ramón

- 1922 “Introito poético”, *Abrente* (Santiago: El Eco Franciscano).
1990 *Na noite estrelecida* (Vigo: Xerais).

Castillo, Angel del

- 1922 “As armas da nosa terra”, *A Nosa Terra* 167: 3.

Corominas, Joan

- 1980 “Gándara”, *DCECH* (Madrid: Gredos)

- Curtius, E. R.
1976 *Literatura europea y Edad Media Latina* (México: Fondo de Cultura E.).
- Eliade, Mircea
1974 *Imágenes y símbolos* (Madrid: Taurus).
1984 *El mito del eterno retorno* (Madrid: Alianza Editorial).
- Fernández del Riego.
1955 *Paisaxe e cultura* (Vigo: Galaxia).
- Fonte, Ramiro
1988 *Pasa un segredo* (Vigo: Xerais).
- Lerate, Luis, ed.
1974 *Beowulf y otros poemas épicos antiguos germánico* (Barcelona: Seix Barral).
- Malinowski, B.
1974 *El mito en la psicología primitiva* (Barcelona).
- Manuel María
1968 "Canto á vella estirpe celta", *Xogos froraes do idioma galego en Buenos Aires* (Buenos Aires: Nós).
- Méndez Ferrín, X.L.
1984 *De Pondal a Novoneyra* (Vigo: Xerais).
1989 *Con pólvora e magnolias* (Vigo: Xerais).
- Momigliano, A.
1980 *Les études classiques au XIX et XX siècles: leur place dans l'histoire des idées* (Xenebra).
- Otero Pedrayo, R.
1933 *Terra de Melide* (Santiago: Nós).
- Pena, X.R., ed.
1990 *Na noite estrelecida* (Vigo: Xerais).
- Pensado, J.L., ed.
1970 *Colección de voces y frases gallegas* (Salamanca: Universidad de Salamanca).
1974 *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII* (Vigo: Fundación Penzol).
- Pokorny, Julius
1991 *Cancioneiro da poesía céltica* (Santiago: Consello da Cultura Galega).
- Queizán, M.^a Xosé
1991 *Metáfora da metáfora* (A Coruña: Espiral Maior).
- Riega, Celso García de la
1904 *Galicia antigua*, vol. IV (Pontevedra: Diputación de Pontevedra)

Riquer, Martín de

1968 *La leyenda del Graal y temas épicos medievales* (Madrid: Prensa Española).

Riva, Torquato T. de la

1802 *Arte de escribir* (Madrid: Viuda de J. Ibarra).

Rodríguez Baixeras, Xavier

1987 *Anos de viaxe* (Vigo: Xerais).

Rodríguez Fer, Claudio

1991 "Entrevista a...", *El Correo Gallego* (Santiago: 16 de xuño).

1991(b) *Vulva* (Santiago: Tórculo Artes gráficas).

Tate, Robert B.

1970 *Ensayos sobre la historiografía peninsular del siglo XV* (Madrid: Gredos).

Vilanova, Manuel

1980 *E direi-vos eu do mister das cobras* (Ourense: La Región).

1985 *A lenda das árbores de prata* (A Coruña: Nós).